



Renovación Consello Escolar 2018_[0]_ CIRCULAR FAMILIAS

Estimadas familias:

En cumprimento do establecido na *Resolución do 25 de setembro de 2018, DOG do 8 de outubro*, queda aberto o prazo para a elección de membros ao Consello Escolar. Informamos hoxe dos seguintes puntos:

1. **SORTEO:** Mañá, martes 30 de outubro, procederase ao sorteo dos membros da Xunta Electoral ás 17:00 horas na Sala do Profesorado.
2. **NORMAS XERAIS:**
 - 2.1. O dereito a elixir e ser elixido correspóndelle ao pai e á nai, ou se é o caso, aos titores legais.
 - 2.2. A organización e supervisión do procedemento de elección de membros do Consello Escolar estará a cargo da Xunta Electoral.
 - 2.3. No taboleiro do colexio está exposto o censo electoral podendo presentar, se procede, reclamacións ao devandito censo.
 - 2.4. Todos os pais, nais e titores legais poden presentar a súa candidatura desde o día **9 ao 15** de novembro, ambos os dous inclusive.
 - 2.5. Unha vez que a Xunta Electoral proclame as candidaturas (día **19**) haberá un prazo de dous días (**20 e 21**) en horario lectivo, para reclamacións contra a proclamación.
 - 2.6. A mesa electoral estará constituída polo director do centro, que actuará como presidente, e catro pais, nais ou titores/as legais designados por sorteo público entre os que non se presenten como candidatos/as, actuando como secretario/a o de menor idade. O devandito sorteo celebrárase o día **19 ás 09:10 horas**.
 - 2.7. A votación de pais/nais terá lugar o día **27 de novembro desde as 16:00 ás 18:00 horas**.
 - 2.8. O voto será directo, secreto e non delegable. Cada elector/a acreditarase mediante a presentación do DNI ou calquera outro documento oficial.
3. **CALENDARIO:** o calendario anteriormente exposto publicarase, ao igual que toda a información do proceso, no taboleiro de anuncios do centro e na páxina web a partir do 8 de novembro, despois da súa aprobación pola Xunta Electoral..

Narón, 29 de outubro de 2018.

O director e presidente da Xunta Electoral



Asdo: Xosé Nel Comba Paz